

# POEMAS DO DÍA E DA NOITE



MIQUEL ÀRCEL ALORSO DIZ



**POEMAS DO DÍA  
E DA NOITE**



Á miña muller, miña noiva, miña compañeira, miña amiga...

A todas elas que son unha.

Grazas.



A Elisa e Moncho polas súas correccións,  
ó meu irmán polos seus debuxos,  
a María do Carme K. polo seu ánimo e atención,  
e ós meus pais pola súa presenza.





## ÍNDICE

POEMAS DO DÍA .....	8
POEMAS DA NOITE .....	21



## **POEMAS DO DÍA**



POEMAS DO DÍA -I-  
PEQUENAS COUSAS

Comezarei polas cousas pequenas,  
diminutas, case inexistentes...

Pequenas cousas,  
coma grans de area  
esparexidos a mercé da marea,  
coma diminutas folerpas no deserto,  
coma gotas de estrelas nun ceo aberto.

Pequenas cousas,  
coma o canto dun paxaro invisible  
que suca un mar imposible  
mentres xira e xira,  
xogando co vaivén mentres un mira.

Comezarei polas cousas pequenas,  
diminutas, case inexistentes...

Pequenas cousas  
que de ledicia me enchen,  
aínda que ó chegar a noite,  
cando as miñas pálpebras anuncien  
o seu peche  
e os meus latexos a súa voz renunciem,  
sei que as esqueceré para sempre.

POEMAS DO DÍA -II-

Hoxe aquí,  
desde os teus ollos  
proclamo a liberdade  
das formas, das estrofas,  
a miña propia liberdade  
enchida;  
a gloria da acción creadora  
sobre as normas erixidas.

Pois non quero someter os versos  
a cadeas de inquedanzas  
que asoballen a esperanza  
da miña xuventude tardía.

Non desexo que o desacougo  
infindo dun mar eterno  
afogue os soños dunha alma amorriñada.

Proclamo hoxe, aquí,  
desde os teus ollos,  
¡liberdade!.

POEMAS DO DÍA -III-  
PRESENTACIÓN

Eu non son de dereitas  
nin de esquerdas,  
eu,  
son do ceo e da terra,  
fillo do mar e do vento;  
náufrago dos meus soños,  
preso do meu latexo.

Guerreiro ante inxustizas,  
monxe no meu templo,  
ferreiro na forxa, teus ollos,  
pallaso no circo do tempo.

POEMAS DO DÍA -IV-  
NA PUNTA DO MEU BICO

Teño un poema para ti  
está na punta do meu bico,  
está loitando por saír.

É un poema de ledicia  
cheo de amor e paixón,  
¡por fin! deixei esquecida  
a tristeza nun caixón.

É un poema, É un regalo,  
sae do fondo do meu corazón.

É pequeno, case invisible,  
ten letra de canción...

Teño un poema para ti  
está na punta do meu bico,  
pronto está a saír.

Cando naza, xa cho envío  
para que lle ensines a rir.

Está na punta do meu bico,  
está loitando por partir...

POEMAS DO DÍA -V-  
NACEMENTO

Ante as follas nús  
diviso unha infinda voz  
que me queima as pálpebras  
co seu silencio atroz.

Teño as mans baleiras  
e un paxaro nos beizos  
que trata de voar por vez primeira  
para alcanza-lo ceo.

Os ollos, inútiles murallas,  
non son quen de agocha-los berros  
que me arrincan as entrañas  
cos seus silandeiros silencios.

Teño as mans baleiras  
e un paxaro nos beizos  
que trata de voar por vez primeira  
para alcanza-lo ceo.

E busco cos meus espidos dedos  
un verso ó que asirme  
na eterna praia,  
hoxe, aínda máis eterna.

Onde as miñas pegadas  
dilúense no sal,  
e o ceo escapa  
da ferida alma  
co denso pesar do silencio.

Teño as mans baleiras  
e un paxaro nos beizos  
que trata de voar por vez primeira  
para alcanza-lo ceo.

Non hai lugar que sirva  
de acocho na folla virxinal,  
non hai tesouros  
que eu poida atopar.

Só silencio...  
na eterna rúa.

Só silencio...  
na miña illa.

Só silencio...  
na palabra aínda  
non nacida.

Teño as mans baleiras  
e un paxaro nos beizos  
que trata de voar por vez primeira  
para alcanza-lo ceo.

#### POEMAS DO DÍA -VI-

Adiviño baixo a túa camisa  
teus peitos asomando á vida,  
causa da miña condena  
ou da miña redención.

Froita aínda tenra  
dunha árbore ergueita,  
causa da miña pena  
ou do meu perdón.

E non queda nada de inocencia  
na mirada que te atravesa  
con desexo descoñecido.

Soamente penso en baleirar  
a miña alma en ti,  
encher eses peitos de estrelas  
que alumeen o fresco luceiro da alba.

Morrer en ti,  
na túa aberta efervescente  
levar os meus dedos  
polo tremor inconsciente  
dun amor prohibido,  
instintivo.

E non queda nada de inocencia  
na mirada que te atravesa  
con desexo descoñecido.

Quizais estou tolo  
o quizais, son un animal ferido  
pola loucura dun amor  
que eu cría esquecido.



POEMAS DO DÍA -VII-  
BADALADA DE AMOR

Gustaríame quedar  
eternamente pendurado  
dos teus beizos.

Coma o badalo  
dunha campá,  
faría treme-lo teu peito  
co meu borboriño.

Faríache axita-la boca  
co pracer que provoca  
unha procura sen final.

E perseguiría os teus segredos  
con renovada ansía,  
con verdadeiro anhelo.

E xa nada sería igual  
no teu mundo de xeo.

POEMAS DO DÍA -VIII-

Teus ollos...  
verde prado  
frondosa fraga,  
lugar encantado  
onde xurde  
a luz da miña alma.

Teus ollos...  
liña do horizonte  
doce río de palabras,  
lugar embruxado  
onde se acada  
a beira arelada.

Teus ollos...  
ceo aberto  
lucero da alba,  
lugar enfeitizado  
onde descansan os meus  
tras a dura xornada.

Teus ollos...

## POEMAS DO DÍA -IX-

Gustaríame se-lo peixe  
que suca espido o mar  
que é o teu corpo.

Quixera bicar cada oco  
da túa superficie,  
cada coral e cada burbulla  
cheo de desexo,  
ata morrer presa  
do derradeiro folgo  
que me leve máis ala do mar,  
dos teus ollos,  
dos meus versos.

E voltearei a nacer na túa fragua  
mentres debuxo figuras de sal  
na auga.

E voltearei no bico dos teus peitos  
a encontra-lo comezo  
do meu camiñar ergueito.

E voltearei a morrer  
no derradeiro salaio do vento,  
pois tan só quero ...

se-lo peixe  
que suca espido o mar  
que é o teu corpo...  
o meu nacemento.

## POEMAS DO DÍA -X-

O destino non quixo  
que os nosos beizos se desafiaran,  
nin que os meus ollos descansaran  
no remanso das túas pupilas.

O destino non quixo  
que as miñas mans  
coñeceran os teus recantos,  
nin que nos teus encantos  
atoparan a morada infinda.

O destino non quixo  
que sementara na túa terra  
nin que os froitos dela  
foran da miña colleita.

O destino non quixo  
pois eramos ceo e terra,  
sol e lúa;  
condenados por sempre  
a unha eterna procura.

#### POEMAS DO DÍA -XI-

É meu amor por ti,  
fame insaciada  
mirada furtiva  
dor na miña alma.

Levo cargado o peito  
cos teus silencios  
que matan.

Levo nos ollos penduradas  
tristes bágoas tristes  
que queiman as pálpebras.

É meu amor por ti,  
eterna inquedanza  
ollar desexoso  
lume na miña alma.

Levo nos beizos  
as terribles feridas  
que ti me causas.

Levo no mar  
os naufraxios  
que ti gardas.

É meu amor por ti,  
un xogo de palabras.

POEMAS DO DÍA -XII-  
RETRATOS DE VIGO -I-

Polo camiño do Espiñeiro  
baixa unha nena bonita,  
di que vén do monte  
di que vai á ría.

Polo camiño do Espiñeiro  
vai unha nena morena,  
de ollos amendoados  
que cargan ondas penas.

E di que vén do monte  
di que vai á ría,  
polo camiño do Espiñeiro  
baixaba o outro día.

E os ollos eran amendoados  
a súa face morena,  
polo camiño do Espiñeiro  
carrexaba a súa pena.

POEMAS DO DÍA -XIII-

Acabas de marchar  
e xa te boto de menos.

Aínda o noso leito  
conserva as túas formas  
e xa te boto de menos.

Aínda o teu calor me alimenta  
e xa te boto de menos.

Aínda os meus ollos  
conservan o teu reflexo  
e xa te boto de menos.

¡Canto te boto de menos!.

E aínda escoito o teu latexar  
que se perde no tempo.

POEMAS DO DÍA -XIV-

Árbore ergueito  
bicas as nubes  
cos teus brazos abertos.

Es testemuña muda  
de amores cegos,  
apertas prohibidas  
salaíos do vento.

Nas túas polas penduran  
palabras, ¡palabras, non!,  
versos,  
coma estrelas da noite  
alumean o ceo.

E baixo a túa tristeza  
latexa un corazón de ferro,  
baixo a túa presenza  
eu vexo morre-lo tempo.

Palabras penduradas das follas,  
¡que digo palabras!, versos.

... bicas as nubes  
cos teus brazos abertos.

POEMAS DO DÍA -XV-  
LISBOA

Dende o castelo de San Xorxe  
ata a Torre de Belén,  
mollo os meus ollos  
no teu mar de cores.

Dende o castelo de San Xorxe  
ata a Torre de Belén,  
escoito o murmurio da xente  
gozo do seu sabor doce.

As badaladas das igrexas  
o queixume das árbores,  
un can que fala ó lonxe  
e miles de corazóns que latexan  
polas túas venas, Lisboa.

Cidade de amable aperta  
e tráxico pasado,  
é teu son  
música que bica os sentidos  
ata agora durmidos.

Nin a auga, nin as lapas  
foron quen de silencia-la túa voz,  
voz que na miña alma prende  
un sentimento de amor  
que o teu ser merece.

Dende o castelo de San Xorxe  
á Torre de Belén,  
¡Oh, Lisboa!  
que grande es.



## **POEMAS DA NOITE**





## POEMAS DA NOITE -I-

Na túa mirada esgotada  
hai un pozo de tristura  
que con tristeza mestura  
bagoas e sangue derrotada.

Na túa mirada cegada  
hai un fondo esquecido  
cheo de estrelas sen brillo  
e de dor anegada.

Na túa mirada  
agóchase un neno,  
de etéreo aceno  
e palabra derrubada.

Na túa mirada...

## POEMAS DA NOITE -II-

Perdín os teus ollos,  
nun pestanexo dos meus.

Ceo azul, inmenso mar  
apagouse co queixoso fulgor  
dun insignificante cometa.

Foi breve, tristemente breve,  
morriches para nós  
case coma se non existiras.  
Breve, tristemente breve.

E non tivemos tempo  
de falar de ti, de min,  
do futuro ou do pasado.

Perdín os teus ollos,  
nun pestanexo dos meus.  
Breve, tristemente breve.

### POEMAS DA NOITE -III-

Soidade,  
follas arrombadas  
dun vello caderno.

Ós pes da cadeira  
tristeza,  
e no rostro engurras,  
e nas mans...  
baleiro.

Corazón esollado  
que tantas palabras tes afogadas  
no teu interior de xeo...

E un veleiro suca o mar  
en busca do descoñecido,  
e un mariñeiro olla o horizonte  
na procura do esquecido.

E no medio de todo,  
soidade,  
pintada a grandes trazos  
con tinta gris gastada  
nos ollos do mariñeiro.

Os brazos vencidos,  
a alma asolagada.

Soidade,  
nas estrelas.

Soidade,  
no veleiro.

Soidade,  
na alma roída  
dun vello mariñeiro.

### POEMAS DA NOITE -IV-

Hoxe encóntrome  
lonxe, moi lonxe,  
onde o orballo  
non é quen de atoparme,  
onde as lembranzas  
non son quen de ferirme.

Lonxe, moi lonxe,  
onde a liña do horizonte  
dilúese coas illas,  
e os barcos parecen esquecer  
cal era o seu destino.

Lonxe, aínda máis lonxe,  
nas estrelas da noite furada,  
na inmensidade dunha ría  
que hoxe asemella esgotada.

Hoxe encóntrome  
máis lonxe de ti,  
de min,  
no fondo dunha cunca  
que o meu sentido esmorece.

Lonxe, moi lonxe.

#### POEMAS DA NOITE -V-

Cos anos todo se esquece,  
as promesas, as palabras, os soños...  
todo morre cos anos.

O poeta deixa paso  
á hipoteca  
E os versos dilúense  
nos recibos do banco.

Os ollos perden o seu brillo,  
o latexo a súa calor.

E o neno pasa a ser home,  
o pelo cámbialle de cor,  
engurras rozan seu rostro  
con amargo sabor.

E as mans que antes creaban,  
agora, son torpes e idiotas,  
vencidas e invalidas,  
presas da súa derrota.

Os soños seguen sendo soños,  
e as palabras peixes no ceo;  
porque todo morre cos anos,  
todo esmorece no vento.

## POEMAS DA NOITE -VI-

Pedra, duro sorriso pétreo,  
fría na túa esencia  
e no teu silencio.

Pedra, eterno sorriso pétreo,  
sempre es presenza  
en constante loita có tempo.

Beleza nas túas estrías,  
no teu corazón...  
o baleiro  
do andar infindo.

Conversas resoan nos teus ocos  
coma murmurios esquecidos,  
onde non hai camiño  
polo que camiñar;  
onde todo é pasado  
que xace morto  
no teu ventre xead.

En definitiva.  
Pedra de duro sorriso pétreo,  
triste aceno!;  
fría na túa esencia,  
e no teu silencio.

## POEMAS DA NOITE -VII-

Poeta de verso gastado  
mil veces labrado,  
negra figura, ollos atormentados.

Baixo as túas mans  
a tristeza toma forma  
e as bágoas honran  
ao tempo descarnado.

Que será das palabras pronunciadas?  
e dos beixos abandonados?

Que será da pluma acantoadada?  
e dos amores declarados?

Que será de ti e de min?  
poeta de negra figura  
e ollos atormentados.

POEMAS DA NOITE -VIII-

Fame  
nas rúas pechadas...  
fame.

Nenas mutiladas  
choran súa infancia  
nun mundo infame  
enchido de ignorancia,  
baleiro de humanidade.

E as mulleres  
agochan baixo as prendas  
os seus silencios,  
á espera.

E os homes non falan,  
matan.

E os nenos aprender a xogar  
tendo nas mans unha arma.

Fame,  
no seu escuálido Pegaso,  
Fame.

E as escolas cegas  
ven impávidas cara un futuro  
que non é tal,

onde mulleres e homes,  
nenos e nenas...  
coas entrañas desgarradas  
mesturan baixo a pel  
bagoas e sangue por igual.

Fame,  
no seu escuálido Pegaso,  
Fame,  
nas rúas pechadas...  
fame.

POEMAS DA NOITE -IX-

Muller de lata,  
dime como poderei  
arranxa-la túa alma  
có tempo maltrata.

Dime, se un beixo  
pode compensar a dor  
causada por un amor  
sen amor.

Dime, se as miñas palabras  
poden chegar máis ala das cicatrices  
dos teus ollos tristes,  
acochados tralas pálpebras.

Muller de lata,  
lembranza esquecida,  
dime como poderei  
reparala túa vontade perdida.

Dime, si é posible  
coa miña nobre amizade  
sacar á luz a verdade,  
hoxe segredo terrible.

Dime, muller de lata,  
a cal o amor mata  
¿que podo facer...  
pola túa alma?.

Dime, muller de lata.

POEMAS DA NOITE -X-

*Nacín en guerra  
morrerei en guerra,  
(ninguén é quen de detela).*

A morte agarda  
batendo as palmas  
aos que hoxe han de esquecer.

E un fusil afluxido,  
rouco,  
atormentado...  
agóchase nun curruncho  
con medo a ser atopado.

A súa voz é xorda  
o seu sabor amargo,  
de tacto frío  
e coitelo afiado.

*Nacín en guerra  
morrerei en guerra,  
(ninguén é quen de detela).*

POEMAS DA NOITE -XI-  
PEGADAS INVISIBLES

As miñas pegadas esvaécense  
na noite escura, o meu final.

Nada queda na terra do sementado,  
nada,  
o froito xa foi recollido.

Nada queda no vento do amado,  
nada,  
todo perdeu sentido.

E o verso xace murcho  
e a palabra esquecida,  
pois como unha mirada vencida  
esvaécense na noite escura,  
o meu final.

POEMAS DA NOITE -XII-

As doce,  
quero que cheguen  
as doce,  
para poder esgotar  
os segundos que resten  
antes do final.

Debullarei esperanzas,  
enterrarei lembranzas,  
agocharei baixo as mantas  
pasados pantasma.

E ó cabo,  
contarei un acio de sortes  
que me leve á miña morte.

As doce,  
quero que cheguen  
as doce.



POEMAS DA NOITE -XIII-

E trala morte  
quero pecha-los ollos  
en doce sono.

Coma nas tardes durmidas  
quero gozar do pracer  
do silencio no teu peito espido.

E perderme sen rumbo  
nos teus xordos latexos,  
e esquecer o meu nome  
nos teus beizos.

Trala morte  
tan só quero  
pecha-los ollos...

POEMAS DA NOITE -XIV-  
REFLEXIÓNS

Xa hai tempo  
que estou a esgotar  
a miña sangue  
polas raíces murchas,  
á espera de que a morte  
me atope sen nada  
que perder ou esquecer.

Quero pecha-las estrelas  
do meu peito  
cun berro erguido,  
que roce o ceo  
cos dedos espertos de todo.

Ao fondo do camiño  
debullarei a miña alma  
nas follas dun outono  
moribundo.

E ao cabo,  
deixarei o meu cadáver  
coma unha árbore espida,  
sen nada más que dicir,  
sen pinga de sangue,  
sen vida.

POEMAS DA NOITE -XV-

AS RÚAS DO TEMPO

Quero descansar placidamente  
deixa-los versos no meu peto,  
agochalos furtivamente  
que ninguén saiba onde os meto.

Soamente escoitarei...  
o murmurio do mar  
o salaio do vento  
os zapatos ó camiñar  
polas rúas do tempo.

Quero facer un alto no camiño  
e deixalas palabras de ouro,  
beber unha boa cunca de viño  
na tasca do Louro.

Soamente escoitarei...  
a forza do mar  
a fraxilidade do vento  
os corazóns ó camiñar  
polas rúas do tempo.

E durmira o meu lapis  
o descanso dos guerreiros,  
mentres busco en Allariz  
a inspiración polos carreiros.

Soamente escoitarei...  
ás conversas do bosque  
ás bágoas do ceo  
ás follas ós meus pés  
polas rúas do tempo.



Para calquera comentario que se queira facer sobre os poemas, deixo a miña dirección de correo electrónico:

[mad1423@hotmail.com](mailto:mad1423@hotmail.com)

Agradezo a vosa colaboración.

POEMAS DO DIA E DA NOITE.

E POR QUE?  
POR QUE RON?- DIÇO EU.



ANO 2008